

# 10 DE MARZO

## Día da Clase Obreira Galega

# SINISTRALIDADE LABORAL RESPONSABILIDADE PATRONAL

Naquel 10 de marzo do ano 1972 o que demandaban os traballadores da Bazán en Ferrol podería ser considerado hoxe unha reclamación de soberanía política para Galiza e un aserto anticonstitucional senón tivéssemos conseguido aínda o dereito a negociar os nosos convenios no noso país, nas empresas e nos nosos sectores. Esta razón tan indiscutida agora para a clase traballadora galega foi o motivo daquela explosión social que contribuíu a debilitar a ditadura, pero non sen antes procurar as súas vítimas e arrebatara as vidas de dous traballadores: Amador e Daniel.

Hoxe vinte e catro anos despois, as nosas reclamacións continúan parecéndose a aquela demanda dos operarios da Bazán. Tan elemental e propio como indiscutido, debe ser o noso dereito a poder regular en Galiza as nosas condicións de traballo de principio a fin, a fixar as modalidades de contratación que eliminen a precariedade potencial e estrutural do mundo do traballo no noso país, a controlar os órganos públicos xudiciais e de inspección para que persigan a fraude na contratación e rematen coa impunidade empresarial ante a sinistralidade no traballo; a exercer o control e a decisión sobre as nosas coberturas e prestacións sociais e sobre as nosas pensións, sobre a política agresiva das mutuas. Pero todo isto que parece tan razoábel e necesario para nós, non é do noso dominio, como non era daquela no ano 72 o dereito a negociar o convenio na factoría de Ferrol; tiñan que negocialo en Madrid.

Hoxe a clase traballadora galega ten moitas urxencias. Os nosos salarios perden capacidade adquisitiva polos pactos de contención salarial que cada ano asinan en Madrid CCOO e UGT, e non é desprezábel o dato de que un 32% das familias galegas ingresan menos de 1.000€ ao mes e o 15% non chega aos 600€. As cifras de precariedade son alarmantes –a máis alta de Europa–, e por mor disto tamén temos o índice de incidencia máis elevado nos rexistros de accidentes laborais e mortes no traballo. Todo iso mentres as grandes empresas e a Banca baten records de ganancias indecentes para a nosa comprensión. A nosa clase traballadora, o noso país non merece isto.

Temos urxencia por modificar esta situación que nos preme e nos obriga a pechar filas na reclamación de poder político, de capacidade de decisión, para reverter esta tendencia, a precariedade e a sobreexplotación do traballo. Este 10 de Marzo debe amosarnos a prioridade de loitar contra a sinistralidade laboral, porque as vítimas caen sempre do noso lado e porque en Galiza duplicamos o índice de mortes con lugares como Catalunya ou o País Vasco e triplicamos a media de Europa. Isto é por razón da precariedade e ten os seus responsábeis. Algo cambiará cando consigamos que se persiga e se penalice xudicialmente os culpábeis.

**PARTICIPA NAS CONCENTRACIÓNS DO 10 DE MARZO NAS DISTINTAS COMARCAS**

**MANIFESTACIÓN EN FERROL ÁS 7 DA TARDE, DENDE O LOCAL DA CIG NA AVENIDA DE ESTEIRO**

